



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

**María Inés Monteagudo Romero, alcaldesa do concello de Muros (A Coruña)**

**Expediente: 2020/G003/000731**

O Concello de Muros leva programando os Campamentos de Verán dende o ano 1996 de xeito ininterrompido ata a actualidade. Nesta actividade chegan a participar ao redor de 200 nenos/as de diferentes idades durante os meses de xullo e agosto nos pavillón municipais Xosé Lago (Esteiro) e Miraflores (Muros).

Examinado o borrador das bases reguladoras da actividade, que constan no expediente

#### RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as bases que regularán a actividade, Campamentos de Verán 2020, que se poden examinar no expediente 2020/G003/000731.

Segundo.- Proceder á publicidade das mesmas no web municipal, [www.muros.gal](http://www.muros.gal), para o xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Muros na data sinalada na marxe

Asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

A secretaria

María Ofir Aboy García



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## **BASES XERAIS DE REGULACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN MUNICIPAIS PARA O ANO 2020**

Os Campamentos de Verán 2020 supoñen unha alternativa de lecer para a rapazada de 6 a 12 anos do Concello de Muros, coa finalidade de conciliar responsabilidades familiares, persoais e profesionais e a igualdade de oportunidades.

### **1. NORMATIVA**

1.1. O prazo de solicitude de inscrición nos campamentos establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de inscrición: do 15 ao 26 de xuño (ambos incluídos).
- Sorteio: 30 de xuño (en presenza da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de prazas dispoñibles).
- Período de pagamento da taxa (**previa confirmación da praza**): do 1 ao 3 de xullo (ambos incluídos).

1.2. Para solicitar a inscrición nos campamentos de verán deberá cubrir o formulario específico de solicitude e presentalo do seguinte xeito:

- No rexistro de entrada do Concello de Muros (Casa do Concello)
- A través da sede electrónica do Concello de Muros: [sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)

O formulario de solicitude poderá descargarse da web do Concello de Muros, [www.muros.gal](http://www.muros.gal), ou directamente na sede electrónica, [sede.muros.gal](http://sede.muros.gal).

1.3. A persoa solicitante só poderá participar nunha quenda (no caso de que houbera prazas sobrantes noutras quendas, estudarase a súa inclusión) e cada unha destas contará cun número mínimo de 4 e un máximo de 18 alumnos/as.

1.4. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Muros. No caso de que non se completaran as prazas (18 por quenda), estas poderán ser ocupadas por nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros.

1.5. A adxudicación pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas.

1.6. As quendas e idades establécense do seguinte xeito:



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

- Muros: nados/as nos anos 2014/2013/2012 do 6 ao 17 de xullo.
- Esteiro: nados/as nos anos 2014/2013/2012 do 6 ao 17 de xullo.
- Muros: nados/as nos anos 20011/2010/2009 do 20 ao 31 de xullo.
- Esteiro: nados/as nos anos 20011/2010/2009 do 20 ao 31 de xullo.

Realizaranse novas quendas no mes de agosto en función da lista de reservas.

#### 1.7. Horario do campamento:

- Entrada: entre as 10.15 h e as 10.30 h (escalonada segundo as medidas de prevención COVID-19)
- Saída: entre as 13.30 h e as 13.45 h (escalonada segundo as medidas de prevención COVID-19)

De luns a venres na quenda que corresponda, os días festivos non terá lugar a actividade.

#### 1.8. Lugares:

- Muros: pavillón de Miraflores
- Esteiro: pavillón Xosé Lago

#### 1.9. Información:

- Pavillón municipal de Miraflores: 981 762 152
- Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294

1.10. O prezo da cota de participación será de 8,00 €, que se abonará unha vez confirmada a praza e no prazo establecido no subapartado 1.1.

## 2. REQUISITOS

### 2.1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.
- Cumprir as medidas de prevención COVID-19 establecidas polas autoridades sanitarias e polo Concello de Muros.

2.2. O pai, nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos campamentos, así como a declaración responsable que garanta que durante os 14 días previos á entrada no campamento o/a menor non tivo tos, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con ninguén con esta sintomatoloxía.



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

2.3. Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).

2.4. No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

### **3. ACTIVIDADES**

3.1. Actividades en interior e exterior seguindo os protocolos establecidos para cada unha delas seguindo as autoridades sanitarias.

### **4. EQUIPO RECOMENDADO**

- Equipamento deportivo: gorra, suadoiro, camiseta deportiva, pantalóns curtos, zapatillas cómodas, traxe de baño...
- Toalla
- Anteollos para o sol
- Crema para o sol, factor de protección alto
- Mochila pequena
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá (todo etiquetado co nome do/a participante)
- Máscara

### **5. PUBLICACIÓN DAS BASES**

Mediante resolución da Alcaldía, estas bases serán publicadas na páxina web municipal: [www.muros.gal](http://www.muros.gal).



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA PREVER A POSIBILIDADE DE CONTAXIOS POR COVID-19 NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2020**

Para prever a posibilidade de contaxios do COVID-19 valorárase pormenorizadamente a posibilidade de participación, seguindo as seguintes medidas:

### **1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN**

- Garantírase o cumprimento dos protocolos de seguridade vixentes na data de realización da actividade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como, a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os/as profesionais a cargo dos campamentos velarán pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada das instalacións e polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
- Tomarase o control da temperatura dos/as participantes e rexistrárase nunha folla de control.
- Os/as proxenitores/as ou titores/as dos/as participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada co COVID-19 non acudirá e contactará co servizo de Deportes do Concello de Muros.
- A/o nai/pai/ ou titor/a presentará unha declaración responsable (no modelo establecido) que garanta que durante os 14 días previos á entrada no campamento o/a menor non tivo tos, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con ninguén con esa sintomatoloxía.
- Unha vez finalizado o campamento, as familias comunicarán ao Concello de Muros se se dá un caso positivo de COVID-19 no/a participante durante os 14 días posteriores ao remate da actividade.

### **2. ACTUACIÓN ANTE SÍNTOMAS DUN POSIBLE CONTAXIO POR COVID-19**

- No caso que durante a realización da actividade se declarase un caso de contaxio por COVID-19 na unidade familiar dun/dunha participante ou monitor/a, comunicáraselle directamente ao Concello de Muros. O Concello de Muros comunicáralle a situación aos servizos sanitarios e seguirá o procedemento indicado por estes.
- Ante a aparición de síntomas unha vez na instalación e/ou durante o desenvolvemento da actividade, o/a participante en cuestión, deberá interromper a actividade informando ao/á monitor/a, así como manter a distancia e medidas de seguridade establecidas previamente.



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

- Tras a presenza de síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, o/a monitor/a deberá chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda) e seguir as instrucións das autoridades sanitarias, así como a familia para que sexan conscientes da situación.
- No caso de que os servizos sanitarios aconsellen a un/unha participante, tras a súa avaliación, o illamento por posible sintomatoloxía relacionada coa COVID-19, os familiares recollerano/a nun prazo máximo de 2 horas.
- Paralizarase a actividade e comunicáraselle ás familias a presenza dun posible caso positivo por COVID-19 no campamento. Tamén se lle comunicará da existencia dun posible caso positivo por COVID-19 ao resto de persoal implicado.
- Seguindo as instrucións das autoridades sanitarias poderase decretar a cancelación do campamento e o peche temporal da instalación para a súa desinfección.
- Coordinarase o regreso de cada participante aos seus domicilios, derivándoos aos seus sistemas sanitarios, seguindo as actuacións que resulten pertinentes.

### 3. NORMAS PARA A PREVENCIÓN

Normas xerais para a prevención:

- Intensificarase o lavado de mans, que será obrigatorio á entrada e á saída da actividade.
- A/o nai/pai non poderán acceder ao interior da instalación.
- As/os nenas/os non poderán compartir bebidas, comida...
- Evitarán o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man...)
- Evitarán tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Colocaranse distintivos e cartelería informativa coa normativa de hixiene en espazos comúns.
- Toma e rexistro de temperatura á entrada da actividade



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS POR COVID-19

**NOME DO PAI/NAI/TITOR** con DNI **NÚM. DNI** e pai/nao/titor/titora de **NOME DO/A NENO/A** declaro que baixo a miña responsabilidade:

- Que durante os 14 días previos á entrada no campamento **NOME DO/A NENO/A** non tivo tos, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con ninguén con esa sintomatoloxía.
- Que unha vez finalizado o campamento comunicarei ao Concello de Muros se **NOME DO/A NENO/A** dese positivo por contaxio de COVID-19 durante os 14 días posteriores ao remate da actividade.

**NOME DO PAI/NAI/TITOR** con DNI **NÚM. DNI** e pai/nao/titor/titora de **NOME DO/A NENO/A** autorizo:

Ao Concello de Muros para a toma de temperatura e o seu rexistro diaria do/a meu/miña fillo/a como medidade de preventiva para evitar contaxios por COVID-19.

Muros, **DATA**

**SINATURA**



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## FORMULARIO DE INSCRICIÓN



PROCEDEMENTO	CÓDIGO	DOCUMENTO
<b>Campamentos de Verán 2020</b>		<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DO/A PARTICIPANTE</b>					
NOME E APELIDOS					NIF
ENDEREZO					LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	CORREO E		CONCELLO		
TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	EMPRADROADO/A	NECESIDADES ESPECÍFICAS	NO CASO DE INDICAR "SI" CAL:	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		

<b>QUENDA DE PARTICIPACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/>	Muros: nados/as nos anos 2014/2013/2012 do 6 ao 17 de xullo. ENTRADA: de 10:15 h a 10:30 h SAÍDA: de 13:30 h - 13:45 h
<input type="checkbox"/>	Esteiro: nados/as nos anos 2014/2013/2012 do 6 ao 17 de xullo. ENTRADA: de 10:15 h a 10:30 h SAÍDA: de 13:30 h - 13:45 h
<input type="checkbox"/>	Muros: nados/as nos anos 20011/2010/2009 do 20 ao 31 de xullo. ENTRADA: de 10:15 h a 10:30 h SAÍDA: de 13:30 h - 13:45 h
<input type="checkbox"/>	Esteiro: nados/as nos anos 20011/2010/2009 do 20 ao 31 de xullo. ENTRADA: de 10:15 h a 10:30 h SAÍDA: de 13:30 h - 13:45 h

<b>DATOS DA/O NAI/PAI/TITOR/TITORA</b>		
NOME E APELIDOS		NIF
<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>		Autorizo a súa asistencia aos Campamentos de Verán 2020 e declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar neste programa.
<input type="checkbox"/>		Autorizo ao Concello de Muros ao uso das imaxes tomadas durante a realización dos Campamentos Verán 2020, así como, que os seus traballos audiovisuais sexan difundidos publicamente con fins informativos e pedagóxicos.
<input type="checkbox"/>		Autorizo ao Concello de Muros ao control e rexistro de temperatura durante o desenvolvemento da actividade como medida preventiva pola enfermidade COVID-19.

Os datos subministrados nesta autorización están protexidos pola establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e unicamente serán empregados polo Concello de Muros para atender a súa solicitude de participación no programa "Campamentos de Verán 2020". Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán executarse mediante correo postal, debidamente identificado mediante achega de copia do DNI á seguinte dirección: Concello de Muros, Curro da Praza 1, 15250, Muros.

<b>OBSERVACIÓNS</b>

<b>SINATURA DA/O NAI/PAI OU TITOR/A</b>
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>
Concelleiro de Deporte





CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)